

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN
PERMANENTE DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA
DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA UNIVERSIDADE DA
CORUÑA CELEBRADA
O MARTES DÍA 3 DE XUÑO DE 2025**

De acordo co establecido na convocatoria, a Comisión Permanente da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitútese en sesión extraordinaria ás 12:30 horas do martes día 3 de xuño de 2025, coa seguinte ORDE DO DÍA:

- 1) Coordinación dos títulos de grao e máster da Escola.
- 2) Solicitud de renovación de profesor emérito de Santiago Hernández.

ASISTEN:

Persoal académico

COUCEIRO	AGUIAR	Iván
DÍAZ	GARCÍA	Jacobo M.
FONTÁN	PÉREZ	Arturo N.
NAVARRINA	MARTÍNEZ	Fermín L.
NOVALES	ORDAX	Margarita
ORRO	ARCAJ	Alfonso
PENA	MOSQUERA	Luis
RAMÍREZ	PALACIOS	Luis

Estudantes

VÁZQUEZ-PENA	ROMERO	Jaime
--------------	--------	-------

PTXAS

CRUZ	VIQUEIRA	Mª Pilar
------	----------	----------

EXCUSAN:

Estudantes

FRANCO	FIGUEIRA	Alberto
--------	----------	---------

Preside a sesión o Sr. D. Luis Ramírez Palacios, director. Actúa como secretario o Sr. D. Arturo Norberto Fontán Pérez, secretario académico da Escola.

1) Coordinación dos títulos de grao e máster da Escola.

Toma a palabra o director e informa que o venres 23 de maio presentaron a súa dimisión como Coordinadoras dos graos e másteres da Escola as profesoras Isabel Martínez e Ana Vázquez. Os cargos de coordinación son nomeados polo Reitor a proposta da Xunta de Escola. Realizadas consultas co vicerreitor de titulacións e internacionalización e dado que son urxentes algúns trámites como a xestión dos TFM ou a admisión do MUXSA e non tendo acceso á documentación relativa, o director decide convocar a Comisión Permanente. Dada a urxencia do asunto, por estar en período de exames e por estar realizándose na Escola os exames da PAU, o director decidiu que a reunión fose extraordinaria.

A proposta da Dirección é nomear coordinador de todas as titulacións da Escola ao director ata o 30 de setembro de 2025. De aprobarse esta proposta, deberá ser ratificada pola Xunta de Escola. Tamén se enviaría un correo electrónico aos membros da Xunta de Escola para informar desta decisión. Apróbase.

2) Solicitud de renovación de profesor emérito de Santiago Hernández.

Toma a palabra o director e informa que o profesor Santiago Hernández solicitou o 2 de maio mediante correo electrónico dirixido á Dirección a renovación do seu nomeamento como profesor emérito. O Departamento de Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas xa informou favorablemente o 6 de maio. A renovación debe tramitarse antes do fin do actual curso, motivo polo que urxe informar sobre a solicitude.

A Dirección propón informar favorablemente, decisión que deberá ser ratificada pola Xunta de Escola. Apróbase.

O director púxose en contacto con Carlos Nárdiz e con Francisco Padilla para interesarse pola posibilidade de renovación como profesores honorarios.

A profesora Margarita Novales solicita que como norma xeral se envíe por adiantado a documentación relativa á orde do día. O director agradece o apuntamento da profesora Novales, así como a asistencia aos presentes.

A sesión extraordinaria da Comisión Permanente remata ás 12:40 h.

V.B

**Luis Ramírez Palacios
Director**

Ado.

**Arturo N. Fontán Pérez
Secretario académico**

Código Seguro De Verificación	UgJsF0URmCmiwziTSHoFg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Secretario/a ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Arturo Norberto Fontán Pérez	Asinado	16/07/2025 18:15:00
	Director/a da ETS de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos - Luis Ramírez Palacios	Asinado	16/07/2025 18:10:33
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/UgJsF0URmCmiwziTSHoFg%3D%3D		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

